



**EXPEDIENTE M5/2021 DE CONCESIÓN DUN
SUPLEMENTO DE CRÉDITO, UNHA BAIXA POR
ANULACIÓN DE CRÉDITO E MODIFICACIÓN DA
RELACIÓN DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO DE
2021 (PRORROGADO DE 2020)**



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 YGS	Documento 36E15I00IV	
Código de verificación  6L5J 5I0E 6B6S 4Y0N 0JZT	Expediente 36E/2021/37	
	Fecha 25-10-2021	

Expediente M5/2021 dun suplemento de crédito, unha baixa por anulación de crédito e modificación da relación de inversións do Orzamento 2021 (prorrogado do 2020)

MEMORIA DA ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao Pleno da Corporación o presente expediente, que ten por finalidade a modificación do orzamento de gastos de 2021, para conceder un suplemento de crédito necesario para a execución do contrato de obra de reforma dos campos de fútbol da Cidade Deportiva da Torre. Trátase dun gasto que non se pode demorar e para o que non existe crédito no orzamento vixente.

É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Posteriormente será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Proponse dende a Área de Deportes a modificación que se tramita neste expediente de modificación do orzamento de 2021, trátase dun suplemento de crédito que o servizo de Deportes propón financiar, mediante unha baixa de crédito na aplicación destinada a financiar o gas das instalación deportivas, é una modificación de competencia plenaria.

Nas listaxes que acompañan as propostas, aparecen as finalidades específicas das modificacións que se propoñen.

II.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2021, prorrogado de 2020 (M5/2021), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.



O expediente resúmese a continuación:

INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	50.000,00
II	CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	0,00
TOTAL INCREMENTOS ESTADO GASTOS:		50.000,00

MINORACIÓN NO ESTADO DE GASTOS

I	BAIXAS POR ANULACIÓN	- 50.000,00
TOTAL MINORACIÓN ESTADO GASTOS:		- 50.000,00

INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS

I	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA	0,00
TOTAL INCREMENTOS ESTADO DE INGRESOS:		0,00

VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS	0,00
VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:	0,00

DISTRIBUCION NETA DAS MODIFICACIÓN POR CAPITULOS DE GASTO

CAPITULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	0,00
II	Gastos correntes en bens e servizos.	-50.000,00
III	Gastos financeiros	0,00
IV	Transferencias correntes	0,0
V	Fondo de Continxencia e outros.	0,00
OPERACIÓN CORRENTES		-50.000,00
CAPITULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	50.000,00
VII	Transferencias de capital	
VIII	Activos financeiros	
IX	Pasivos financeiros	
OPERACIÓN DE CAPITAL		50.000,00

Trámítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 25 de outubro de 2021

A ALCALDESA,

EXPEDIENTE M5/2021 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E BAIXAS DE CRÉDITO DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2021.

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente 5/2021 de suplemento de crédito, e de baixa de crédito, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se acompaña.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2020 prorrogadas para o 2021, constitúen o réxime legal a que someterase a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada “Dos créditos e as súas modificacións”, artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2020 prorrogadas para o 2021, establece o carácter preceptivo do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME.

I.- Antecedentes, exame orzamentario e de estabilidade.

O expediente que agora se somete á Corporación supón un suplemento de crédito financiado cunha baixa de crédito, cada un deles por un importe total de cincuenta miles de € (50.000,00 €), O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos créditos extraordinarios e suplemento equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I.- ALTAS. (€)

Suplementos de crédito	50.000,00
Total altas de créditos	50.000,00

II.- FINANCIAMENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO. (€)

Baixas de crédito	50.000,00
Total financiamento	50.000,00

Por tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Tamén hai que ter en conta que se trata dunha modificación sobre un orzamento prorrogado. De conformidade co artigo 169.6 do TRLRFL é posible modificar o orzamento prorrogado a través de créditos extraordinarios e suplementos de crédito. Así o dispón o citado artigo cando di:

*“6. Si al iniciarse el ejercicio económico no hubiese entrado en vigor el presupuesto correspondiente, se considerará automáticamente prorrogado el del anterior, con sus créditos iniciales, **sin perjuicio de las modificaciones que se realicen conforme a lo dispuesto en los artículos 177, 178 y 179 de esta ley** y hasta la entrada en vigor del nuevo presupuesto. La prórroga no afectará a los créditos para servicios o programas que deban concluir en el ejercicio anterior o que estén financiados con crédito u otros ingresos específicos o afectados”*

Tamén o artigo 21.5 do Real Decreto 500/1990, que desenvolve a Lei de Facendas Locais en materia orzamentaria, dispón que:

“En tanto no se aprueba el Presupuesto definitivo, el prorrogado puede ser objeto de cualquiera de las modificaciones previstas en la ley”.

O artigo 177 da Lei de Facendas Locais é o que regula o réxime das modificacións de créditos extraordinarios e suplemento de créditos sen ningunha especialidade para os Orzamentos Prorrogados.

Polo anterior, en relación cos suplementos de crédito e créditos extraordinarios, no expediente dáse tamén cumprimento formal ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte:

“El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone. Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos y mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio. “

En termos de estabilidade orzamentaria, a nivel de créditos definitivos e previsións definitivas, está a financiarse un gasto non financeiro coa baixa de crédito dun capítulo de gastos no financeiro, polo que non afecta a estabilidade orzamentaria. Ademais ó prorrogarse o Orzamento do 2020 ó 2021 existe un marxe importante, derivados dos axustes a baixa da prórroga, entre os gastos e ingresos no financeiro que podería compensar inestabilidades orzamentarias de modificacións de crédito. Isto ó marxe de que actualmente o Goberno da Nación suspendeu as regras fiscais, entre elas as de estabilidade orzamentaria, polo que tampouco existiría impedimento legal ningún si se producira inestabilidade.

O anterior referido á estabilidade orzamentaria infórmase ós efectos de dar cumprimento ao artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, no caso de que se puidese entender vixente por non estar previsto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, que é posterior o citado Real

Decreto, o informe da Intervención a estabilidade orzamentaria das modificacións orzamentarias

II.- Exame do expediente

O obxecto do expediente é esencialmente a dotación de crédito no capítulo VI do estado de gasto co fin de complementar o crédito da aplicación orzamentaria do proxecto de reforma dos campos de fútbol da torre de hércules, que segundo os informes do servizo é necesario para poder acometer unha modificación do contrato de obras en execución.

Como xa dixemos en anteriores informes, o cumprimento do expediente coas esixencias da Lei de Facendas Locais das modificacións orzamentarias agora propostas non prexuzgan nin condicionan o sentido da fiscalización previa no momento da realización e execución do gasto.

III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nin alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor.


En todo caso o expediente debe ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Con todo, a teor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto de modificación do Orzamento que agora se tramita.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E15100J8	
Código de verificación  3067 5N4M 3E3T 5U1U 0X6R	Expediente 36E/2021/37	
	Fecha 26-10-2021	

Expediente M5/2021 de concesión dun suplemento de crédito, unha baixa por anulación de crédito e modificación da relación de Ingresos do orzamento de 2021 (prorrogado de 2020)

Informe proposta

I. A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na Sección 2ª do Capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). A Base 7ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2021 (prorrogadas de 2020) remítese ás normas legais vixentes para a tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito entre outras modificacións orzamentarias. Respecto das baixas por anulación aparecen reguladas nos artigos 49 e seguintes do RD 500/1990.

De acordo coas normas apuntadas, os créditos extraordinarios e suplementos de crédito son modificacións do orzamento de gastos, mediante os que se asigna ou se incrementa crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito, no caso dos créditos extraordinarios, ou é insuficiente o existente, no caso dos suplementos de crédito. O seu financiamento pode realizarse con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións, non comprometidos e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

O Servizo de Deportes solicita a tramitación deste suplemento de crédito que consideran necesario para a execución do contrato de obra de reforma dos campos de fútbol da Cidade deportiva da Torre.

No presente expediente, o financiamento prodúcese con cargo a unha baixa de crédito relacionada no expediente por importe de – 50.000,00€ na aplicación 52.342.22102 “Gas” das Instalacións deportivas.



A baixa de crédito que se tramita neste expediente está informada polo Servizo que a considera reducible.

II. O expediente de concesión de suplementos de crédito, baixa por anulación de crédito e modificación da relación de investimentos do orzamento 2021, prorrogado do 2020, que se somete ao Excmo. Concello Pleno, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do expediente. Nesta Memoria e na restante documentación que se une ao expediente, recóllense os aspectos mencionados no artigo 37.2 do RD 500/1990 (artigos 177 e 178 do TRLRFL), que establece como aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade, recollidas nos artigos 20 e 22 do propio Real Decreto e 169 a 171 do TRLRFL.

O expediente M5/2021 de modificación do Orzamento de 2021 foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), vistos os informes obrantes no mesmo e previo ditame emitido pola Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral sométese a aprobación polo Pleno da Corporación. Unha vez producida a aprobación inicial por maioría simple dos membros presentes, o expediente haberá de exporse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o propio Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado si, durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Aprobada definitivamente a modificación publicarase resumida por capítulos no BOP, entrando en vigor unha vez efectuada dita publicación.

III. Conforme a normativa citada, e si V.E. considérao oportuno, sería procedente formular ao Excmo. Concello Pleno, a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2021 (prorrogado de 2020) (M5/2021), mediante concesión dun suplemento de crédito por importe de cincuenta mil euros (50.000,00€) e unha baixa por anulación de crédito por importe de cincuenta mil euros (-50.000,00€). Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M5/2021" que se incorpora ao expediente.
2. Aprobar a distribución do financiamento procedente da baixa por anulación de crédito por importe de cincuenta mil euros (-50.000,00€). Todo iso reflectido no listado "Expediente M5/2021. Financiamento".

Expediente M5/2021
Subtotais

ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	cap	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
DEPORTES	DEPORTES	BAIXA DE CRÉDITO	52.342 .22102	2	Gas	-50.000,00		Baixa de crédito para financiar o suplemento na aplicación 52.342.63206 para a reforma dos Campos de Fútbol da Cidade Deportiva da Torre. O Servizo informa que se pode dar de baixa este crédito sen deterioración para o funcionamento ordinario do servizo.
			Total 52.342 .22102			-50.000,00		
DEPORTES	DEPORTES	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	52.342 .63206	6	Rehabilitación de instalacións deportivas	50.000,00	2020 2 52 5	Insuficiencia de crédito para a reforma dos Campos de Fútbol da Cidade Deportiva da Torre
			Total 52.342 .63206			50.000,00		
			Total general			0,00		

ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	cap	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
DEPORTES	DEPORTES	BAIXA DE CRÉDITO	52.342 .22102	2	Gas	-50.000,00		Baixa de crédito para financiar o suplemento na aplicación 52.342.63206 para a reforma dos Campos de Fútbol da Cidade Deportiva da Torre. O Servizo informa que se pode dar de baixa este crédito sen deterioración para o funcionamento ordinario do servizo.
DEPORTES	DEPORTES	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	52.342 .63206	6	Rehabilitación de instalacións deportivas	50.000,00	2020 2 52 5	Insuficiencia de crédito para a reforma dos Campos de Fútbol da Cidade Deportiva da Torre

Expediente M5/2021
Financiamento

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	BAIXAS DE CRÉDITO	CRÉD. EXTR.	SUP. CRÉD.	TC NEGATIVAS	IMPORTE	DESTINO BAIXAS	TC POSITIVAS
DEPORTES	DEPORTES	BAIXA DE CRÉDITO	52.342 .22102	Gas	-50.000,00				-50.000,00		
DEPORTES	DEPORTES	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	52.342 .63206	Rehabilitación de instalaciones deportivas			50.000,00		50.000,00	50.000,00	
					-50.000,00	0,00	50.000,00	0,00	0,00	50.000,00	0,00

Expediente M5/2021
Baixa de crédito

ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
DEPORTES	DEPORTES	BAIXA DE CRÉDITO	52.342 .22102	Gas	-50.000,00		Baixa de crédito para financiar o suplemento na aplicación 52.342.63206 para a reforma dos Campos de Fútbol da Cidade Deportiva da Torre. O Servizo informa que se pode dar de baixa este crédito sen deterioración para o funcionamento ordinario do servizo.
					-50.000,00		

Expediente M5/2021
Suplemento de crédito

ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	FINALIDADE ESPECÍFICA
DEPORTES	DEPORTES	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	52.342 .63206	Rehabilitación de instalaciones deportivas	50.000,00	2020 2 52 5	Insuficiencia de crédito para a reforma dos Campos de Fútbol da Cidade Deportiva da Torre
					50.000,00		

ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
DEPORTES	DEPORTES	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	52.342 .63206	Rehabilitación de instalacións deportivas	50.000,00	2020 2 52 5	CUALITATIVA	Insuficiencia de crédito para a reforma dos Campos de Fútbol da Cidade Deportiva da Torre



Secretaría Xeral
Dpto. de Actividade Corporativa
A-16

Manuel José Díaz Sánchez, secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

Asunto.- Expediente 36E/2021/37
Aprobación do expediente M5/2021, de concesión dun suplemento de crédito, unha baixa por anulación de crédito e modificación da relación de Investimentos do Orzamento do 2021 (prorrogado do 2020).

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2021, adoptou os seguintes acordos, co voto a favor dos Grupos Municipais do Partido Socialista (9 votos), Marea Atlántica (4 votos) e do Bloque Nacionalista Galego (1 voto), e da concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto), e as abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular (9 abstencións) e da concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo (1 abstención):

1. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2021 (prorrogado de 2020) (M5/2021), mediante concesión dun suplemento de crédito por importe de cincuenta mil euros (50.000,00€) e unha baixa por anulación de crédito por importe de cincuenta mil euros (-50.000,00€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M5/2021” que se incorpora ao expediente.
2. Aprobar a distribución do financiamento procedente da baixa por anulación de crédito por importe de cincuenta mil euros (-50.000,00€). Todo iso reflectido no listado “Expediente

Manuel José Díaz Sánchez, secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

Asunto.- Expediente 36Y/2021/37
Aprobación del expediente M5/2021, de concesión de un suplemento de crédito, una baja por anulación de crédito y modificación de la relación de Inversiones del Presupuesto del 2021 (prorrogado del 2020).

CERTIFICO: Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria celebrada el día 4 de noviembre de 2021, adoptó los siguientes acuerdos, con el voto a favor de los Grupos Municipales del Partido Socialista (9 votos), Marea Atlántica (4 votos) y del Bloque Nacionalista Galego (1 voto), y de la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto), y las abstenciones del Grupo Municipal del Partido Popular (9 abstenciones) y de la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo (1 abstención):

1. Aprobar el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2021 (prorrogado de 2020) (M5/2021), mediante concesión de un suplemento de crédito por importe de cincuenta mil euros (50.000,00€) y una baja por anulación de crédito por importe de cincuenta mil euros (-50.000,00€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M5/2021” que se incorpora al expediente.
2. Aprobar la distribución de la financiación procedente de la baja por anulación de crédito por importe de cincuenta mil euros (-50.000,00€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente



Secretaría Xeral
Dpto. de Actividade Corporativa
A-16

M5/2021. Financiamento”.

3. Aprobar a modificación da Relación de Investimentos do Orzamento de 2021, detallada na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M5/2021. Relación de Investimentos”.

4. Facultar á Excma. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do documento.

Vº e Pr
Concelleiro delegado de Urbanismo,
Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade

Juan Manuel Díaz Villoslada

M5/2021. Financiación”.

3. Aprobar la modificación de la Relación de Inversiones del Presupuesto de 2021, detallada en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M5/2021. Relación de Inversiones”.

4. Facultar a la Excma. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y a resultas del texto definitivo del acta.

A Coruña, en la fecha de la firma electrónica del documento.

Secretario xeral do Pleno

Manuel José Díaz Sánchez



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Oficina Orzamentaria

Aprobación inicial do expediente M5/2021 modificativo do Orzamento de 2021 (prorrogado de 2020)

ANUNCIO

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 4 de novembro de 2021, aprobou inicialmente o expediente M5/2021 de concesión dun suplemento de crédito, unha baixa por anulación de crédito e modificación da relación de Investimentos do Orzamento de 2021 (prorrogado de 2020).

O referido expediente permanecerá exposto ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación, no Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, sito no número 20 da rúa Franja, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o teor do disposto no artigo 169.1, en relación co 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, os expedientes consideraranse definitivamente aprobados, segundo o establecido na aludida lexislación.

Publícase para os efectos previstos na lexislación citada.

A Coruña, 4 de novembro de 2021

Director de Economía, Facenda e Réxime Interior,

Manuel Ángel Jove Losada

2021/7842



Área / Unidad REGISTRO MARIA PITA ACM	Documento RMP15I6F9W	
Código de verificación  1766 3A6H 4I16 2Z1L 0IIO	Expediente 415/2021/7	
	Fecha 30-11-2021	

D. MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, OFICIAL MAYOR DEL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA

CERTIFICO:

Que la Jefa de Unidad de Registro e Información de María Pita emitió el informe que se transcribe literalmente:

“El anuncio relativo al expediente M5/2021 de concesión de un suplemento de crédito, una baja por anulación de crédito y modificación de la relación de inversiones del presupuesto de 2021 (prorrogado de 2020), fue expuesto en el tablón de edictos del Ayuntamiento de A Coruña durante el período comprendido entre el 9 y el 29 de noviembre de 2021 inclusive.

Examinado en soporte informático el Registro General de Entrada de este Ayuntamiento desde el 9 de noviembre de 2021 hasta la hora y fecha, no figura presentada alegación alguna a dicho expediente M5/2021”.

Y para que conste y surta efectos consiguientes, expido la presente de orden y con el visto bueno de la Sra. Alcaldesa, a fecha de firma electrónica.


Vº. Bº.

La Alcaldesa

PD,

El Concejal de Economía, Hacienda y Régimen Interior



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E15I00OH	
Código de verificación  6Z5K 2A2F 4807 2K4B 13B1	Expediente 36E/2021/37	
	Fecha 02-12-2021	

Aprobación definitiva M5/2021

DECRETO

Á vista do informe proposta emitido polo Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos en data 2 de decembro de 2021 e en virtude das atribucións ao meu cargo conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Considerar definitivamente aprobado o expediente M5/2021 de concesión dun suplemento de crédito, unha baixa por anulación de crédito e modificación da relación de Invetimentos do Orzamento do 2021 (prorrogado do 2020) e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Alcaldía-Presidencia da cidade da Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

A Alcaldesa,

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Oficina Orzamentaria

Aprobación definitiva do expediente M5/2021 modificativo do orzamento de 2021 (prorrogado de 2020)

ANUNCIO

Asunto: Aprobación definitiva expediente M5/2021

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 4 de novembro de 2021, aprobou inicialmente o expediente M5/2021 de concesión dun suplemento de crédito, unha baixa por anulación de crédito e modificación da relación de Investimentos do Orzamento do 2021 (prorrogado do 2020).

O expediente citado foi sometido a exposición pública para reclamacións durante o prazo de quince días, mediante anuncio publicado no BOP número 212, do 8 de novembro de 2021. Durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións contra del, segundo resulta da certificación expedida polo Oficial Maior do Excmo. Concello da Coruña, polo que, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo en relación co 177 e ss. do propio texto legal, a Alcaldesa mediante Decreto do 2 de decembro de 2021, resolveu considerar definitivamente aprobado o expediente M5/2021 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Segundo o disposto no art. 169.3, en relación co 177.2 e o 179.4, todos do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), e o 49 do RD 500/90, do 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do Orzamento, incorporando as modificacións do devandito expediente M5/2021:

Resumo por capítulos

Estado de gastos

CAP	INICIAL	ACTUAL	M5/2021	DEFINITIVO
1	67.731.056,73	70.683.724,90	0,00	70.683.724,90
2	121.420.207,19	126.083.567,01	-50.000,00	126.033.567,01
3	292.843,76	292.843,76	0,00	292.843,76
4	30.561.199,51	36.719.977,35	0,00	36.719.977,35
5	20.000,00	20.000,00	0,00	20.000,00
6	13.241.504,56	50.052.755,26	50.000,00	50.102.755,26
7	2.889.728,59	11.790.328,85	0,00	11.790.328,85
8	30.001,00	199.451,50	0,00	199.451,50
9	6.959.491,45	6.959.491,45	0,00	6.959.491,45
	243.146.032,79	302.802.140,08	0,00	302.802.140,08

Publícase para xeral coñecemento. Faise constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo segundo o teor do establecido no artigo 171 do TRLRFL, que se presentará ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. O prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio. Poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 2 de decembro de 2021

Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada

2021/8467